

Achégate!

Os días **30 de xuño, 1 e 2 de xullo**, a cidade de Monforte acollerá por quinto ano consecutivo o “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte”. Unha proposta diferente cun amplo programa de actividades que xiran arredor do viño, verdadeiro protagonista do Festival.

Unha mostra colectiva na que 30 adegas da D.O. da Ribeira Sacra ofrece ao visitante a posibilidade de degustar e gozar dunha gran variedade de viños que non deixarán indiferente a ninguén, nun entorno natural, tranquilo e cómodo xunto ao río Cabe.

Un viño, mil historias

O “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte” é un evento dirixido a persoas de todas as idades, onde descubrir e sentir a Ribeira Sacra a través da súa paisaxe, gastronomía e tradición.

As VinoRutas permitiranos desprazarnos ata o lugar de orixe onde poderemos contemplar os viñedos e os ríos que bañan as ladeiras. Unha experiencia única para sentir a vertixe da nosa famosa "viticultura heroica".

Cando caia a noite, o Paseo do Malecón acollerá 5 actuacións musicais os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo. Un escenario excelente para amosar o talento artístico galego, con propostas que van dende a danza contemporánea ata outros estilos como a bossa nova, o pop e o rock'n roll.

Os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo, os viños da D.O. Ribeira Sacra serán os auténticos protagonistas xa que son o verdadeiro vehículo capaz de unir historia, tradición e cultura.

Un Festival con sabor a tradición



PARTICIPANTES

ADEGAS

- | | |
|----------------------|--------------------|
| Abadía da Cova | Galanteiro |
| Adega Corzoás | Guímaro |
| Adega Vella | Gullufre |
| Algueira | Lucenza |
| Alma das Donas | Malcavada |
| Asolagados | Petrón |
| Barbadelo | Peza do Rei |
| Casa de Outeiro | Ponte da Boga |
| Cividade | Priscillvs |
| Condado de Sequeiras | Rectoral de Amandi |
| Cruceiro | Sabaínzas |
| Don Bernardino | Tear |
| EDV | Tolo do Xisto |
| Finca Cuarta | Val da Lenda |
| Finca Míllara | Viña Vella |

GASTRONOMÍA

- | | |
|-------------------------|-------------------------|
| • Queixo negro. Buleri | • Xamóns Roberto |
| • Lácteos Ribeira Sacra | • Panadería Fernández |
| • Embutidos Valentina | • Panadería Tuiriz |
| • Embutidos Suarna | • Brasería Casa Reboiro |
| • Xamóns D. Francisco | • Abadía de San Simón |
| • Xeados Xeou | |

OBRADOIROS INFANTÍS

- Anxo Moure. O Carballo con Botas
- Velaísca Animación
- Olería Tradicional da Ribeira Sacra – Figulus
- Asociación Circonove de Santiago de Compostela



[30 de Xuño, 1 e 2 de Xullo]

Paseo do Malecón
Monforte de Lemos, Lugo



ORGANIZA



COLABORAN



PLAN ÚNICO 2023
CONSEJO REGULADOR DE DENOMINACIÓN DE ORIGEN DE LA DEPUTACIÓN DE LUGO

Cando chega a noite...

NO PASEO DO MALECÓN

ACTUACIÓNS MUSICAIS



VENRES 30 DE XUÑO ÁS 20:00h. **NeutrX**

A compañía de baile de Fran Sieira presenta NeutrX. Peza coreográfica na que se cuestionan os roles de xénero dentro da música e da danza tradicional galega. A música do espectáculo é inédita de Xisco Feijóo e Carlos Quintá.



VENRES 30 DE XUÑO ÁS 23:00h. **Sés**

Cantantoura coruñesa cunha traxectoria ascendente e imparábel que tras a súa irrupción no mercado en 2011 é considerada pola prensa como "a revolución do panorama musical galego". Estilo orixinal e xenuíno: rock'n roll, tradición oral galega e certa cadencia con actitude punk.

SÁBADO 1 DE XULLO ÁS 21:00h. **Diboa**

Banda de música popular brasileira con raíces galegas que fan versións modernas de clásicos dos anos 60 e dos grandes compositores brasileiros como Joao Gilberto, Caetano Veloso, Gilberto Gil... Un son con moita calidez.



SÁBADO 1 DE XULLO ÁS 23:00h. **Xisco Feijóo**

Xisco, tras un incesante traballo de recuperación etnográfica e colaboracións en espectáculos con artistas de proxección internacional, crea un proxecto propio cunha visión particular. "Peixe" é o seu primeiro traballo discográfico coa esencia da música tradicional galega e unha mirada contemporánea.



DOMINGO 2 DE XULLO ÁS 21:00h.

Fillas de Cassandra

Tradición musical e oral + feminismo + sons modernos + mitoloxía grega... Esta é a suma coa que Fillas de Cassandra constrúe a súa música. Composicións que defenden á muller artística e vital fronte á súa invisibilidade e submisión o longo do tempo.



Para os máis cativos...

Á BEIRA DO RÍO CABE

OBRADOIROS INFANTÍS

SÁBADO 1 DE XULLO

12:30 a 13:30h. Contacontos Anxo Moure.

19:30 a 20:30h. Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus.

DOMINGO 2 DE XULLO

12:30 a 14:00h. Obradoiro circense. Cironove.

19:30 a 20:30h. Showcooking. Velaísca Animación.

Descubre os nosos viños...

TALLERES DE CATA

SÁBADO 1 DE XULLO

11:30 a 12:30h. Taller sensorial sobre os diversos estilos nas variedades máis nobres.

13:30 a 14:30h. Taller sensorial sobre viños elaborados a partir de variedades ancestrais recuperadas.

MASTERCLASS a cargo de Alejandro Paadín

DOMINGO 2 DE XULLO

12:30 a 14:30h. Masterclass de Viños da Ribeira Sacra vs Viños Internacionais

con Alejandro Paadín. Cata de 10 referencias.

Capacidade de 30 persoas en cada taller. Reserva anticipada no teléfono +34 621 120 560 ou en festivalmonforte@gmail.com

Para sentir a Ribeira Sacra

VINORUTAS

VinoRuta do Sil

TRADICIÓN E VIÑEDOS DO SIL

ADULTOS
20€

NENOS*
10€

O **SÁBADO 1 DE XULLO ÁS 15:15H** sairemos de Monforte de Lemos cara ao concello de Sober para visitar a **adega Rectoral de Amandi** onde coñeceremos de primeira man os seus viños e a viticultura de montaña. Despois viaxaremos ata a parroquia de Francos onde se atopa a **adega Petrón** e nunha visita guiada degustaremos os viños que fan famosa a D.O Ribeira Sacra. Despois dirixirémonos ao peirao da Ponte do Sil para facer un fermoso **paseo en catamarán polo río Sil** onde coñeceremos a súa historia e tradición nestas ladeiras con bancais así como o espectacular Canón. Dende aquí volveremos cara Monforte de Lemos para desfrutar do Festival do Viño.

VinoRuta do Miño

OS VIÑEDOS E O RÍO MIÑO

ADULTOS
25€

NENOS*
18€

O **DOMINGO 2 DE XULLO ÁS 10:15H** sairemos de Monforte de Lemos cara ao concello do Saviñao para visitar a **adega Abadía da Cova, Adegas Moure**. Adegas familiares onde faremos unha cata guiada e contemplaremos o meandro do Cabo do Mundo dende o seu espectacular miradoiro. Dende aquí seguiremos cara á Praia da Cova para facer un **percorrido en canoa polo río Miño**, desfrutando da súa paisaxe e do seu viñedo. A nosa próxima parada será na **adega Pílares de Belesar** situada na pintoresca vila de Belesar rodeada de vides. Dende aquí voltaremos cara Monforte de Lemos para desfrutar do Festival do Viño.

Reserva previa no teléfono +34 621 120 560 ou en festivalmonforte@gmail.com
Todas as Vinorutas parten do Parque dos Condes en Monforte de Lemos

*Nenos de ata 10 anos

Programa

VENRES 30 DE XUÑO

19:00h. Apertura dos stands.

20:00h. NeutrX. Actuación da Compañía de Danza de Fran Sieira.

20:15h. Acto de apertura do "Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2023". Pregoeiro D. José Mouriño Cuba.

23:00h. Actuación de Sés.

00:00h. Peche dos stands.

SÁBADO 1 DE XULLO

11:00h. Apertura dos stands.

11:30h. Taller de cata. Variedades nobres.

12:30h. Obradoiro infantil. Contacontos Anxo Moure.

13:30h. Taller de cata. Variedades ancestrais recuperadas.

15:00h. Peche dos stands.

19:00h. Apertura dos stands.

19:30h. Obradoiro infantil. Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus.

21:00h. Actuación da banda Diboa.

23:00h. Actuación de Xisco Feijóo.

00:00h. Peche dos stands.

DOMINGO 2 DE XULLO

11:00h. Apertura dos stands.

12:30h. Masterclass de Viños da Ribeira Sacra vs Viños Internacionais con Alejandro Paadín.

12:30h. Obradoiro infantil circense. Cironove.

15:00h. Peche dos stands.

19:00h. Apertura dos stands.

19:30h. Obradoiro infantil showcooking. Velaísca Animación.

21:00h. Actuación de Fillas de Cassandra.

22:30h. Clausura do "Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2023".